

CASTELAO: ARTE E VIDA. A PALABRA ESCRITA E A FALADA

Por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

Foi polos anos da Primeira Guerra Mundial cando eu, que daquela era afeizado á pintura, víñ os primeiros dibuxos de Castelao, na Cruña, na sala do xornal "El Noroeste", que moitas veces servía para exposicións de pintura. Sorprendéume a súa presentación de vida galega, do corpo e a alma das xentes, e tamén da terra. Poucos anos despois víñ as súas pinturas na Exposición de Arte Galego, celebrada nos salos do Concello da Cruña e a velas aínda foi máis forte a miña impresión de recoller e espresar no seu arte a esencia do mundo galego, pois á forza do dibuxo engadíase, nos cadros, o color e a luz.

Castelao nos seus dibuxos, na súa pintura, na súa literatura, no mesmo nos contos, como *Un ollo de vidro* (1922), unha das súas primeiras obras literarias, como no seu libro de ensayos *Sempre en Galiza* (1944), no que recolléu, xa no exilio, o seu pensamento político encol de Galicia, tiña sempre a mesma preocupación, o mesmo tema, Galicia; e o seu senso artístico de creador nas Artes, nas Belas Artes e na Literatura, o levaba a presentar íse mundo, que íl consideraba da primeira calidade humán, con novo arte. Iste arte foi nos seus primeiros pasos profundamente simbolista, en busca do esencial e eterno das cousas galegas, sobre todo dos galegos máis chantados na terra e no mar, que son os labregos e os mariñeiros. Arte que se foi facendo cada vez máis expresionista, sobre todo despois do seu viaxe a Alemaña, nos anos de *entreguerras*, pra estudar alí un dos meirandes dibuxantes de tódolos tempos, Alberto Durero. Iste arte expresionista foise enchendo de fondo dor nos dibuxos da gue-

rra civil nos que a influencia de Goya era a máis visible. Co seu arte espresionista, antes e despóis da guerra civil, os homes e a terra de Galicia adequiren unha tremenda forza tráxica: unha realidade máis auténtica e dorosa.

Na captación das xentes o do seu carácter foi Castelao no seu arte o precursor dos existencialistas, e tamén o foi no estilo, vivo, choutante, rebuldeiro e humorístico. No seu arte escrito Castelao escribiu como falaba. A súa fala estaba sempre chea de semblanzas vivas de xentes galegas, sobre todo de mariñeiros.

A súa verba falada tiña unha nota que a puña por riba da escrita: o ser a expresión viva da súa persoalidade, ca voz e o xesto dábanlle un especial acompañamento. Eu, que coñecía e estimaba os seus dibuxos e creacións literarias, nono tratéi persoalmente até os anos en que os dous nos reuníamos no Congreso dos Diputados: Castelao como deputado por Pontevedra e eu pola Cruña. Máis entón as miñas relacións con Castelao foron ocasionais e breves. Foi a guerra a que nos xuntou con fortes vencellos en Valencia no ano 1937.

Vino constantemente en Valencia. Un día veume a confiar que o Goberno, que daquela era o de Largo Caballero, nomeáralo embaixador de España na Arxentina. A colonia galega, que era con moito a máis forte da comunidade española da Arxentina, o pedía, Castelao era non sóo o galego senón o español en xeral que a comunidade galega de toda a Arxentina e do Uruguay estimaba e respetaba máis. Cando xa estaba proposto para iste cargo houbo un troque no Ministerio e o novo ministro de Estado, Xosé Giral, suspendeu o nomeamento de Castelao e propuxo a Ossorio e Gallardo. Pra tódolos galegos das repúblicas do Mar del Plata iste troque foi inesplicable.

Aínda foron as nosas relacións máis constantes cando o Goberno e o Parlamento se trasladaron de Valencia a Barcelona. Castelao vivía na rúa de Balmes. Un bombardeo aéreo destruíu a súa casa e íl quedou, casi medio cego como xa estaba, perdido entre as ruínas do que fora o seu domicilio.

Pouco antes de reunirse as Cortes republicás en Monserrat, en 1938, tivemos unha longa conversa encol do Estatuto galego, que era a máis forte preocupación que íl tiña nise tempo e que era a mesma que tivera antes da guerra. Contóume que tencioaba levar o Estatuto a unha reunión das Cortes, mais que o presidente do Congreso lle comunicara que se perdera en Madrid

o espedente. Eu era membro da Comisión de goberno interior do Congreso, da que dependen as instalacións materiais das Cortes, os empregados e as oficinas. Despois de falar con Castelao fun a Madrid un día de inverno de 1938 e voltéi co espedente do Estatuto galego, que non estaba perdido, pois me foi fácil atopalo. Cando Castelao soupo que reaparecera o Estatuto recibíu il mesmo unha nova vida.

O intenso e constante bombardeo de Barcelona na primavera de 1938 nos xuntou aínda máis. Marcial Fernández, daquela segredario do director xeral de Seguridade, Rafael Méndez, máis tarde il mesmo director de carabineiros, nos levaba a Castelao e á súa dona e a mín e á miña a pasala noite na casa que tiña en Pins do Vallés, pois así se chamaba naqueles días San Cugat del Vallés.

Ó rubir, entre lusco e fusco, tódolos días a estrada que vai polo Tibidabo vimos alá lonxe, mar afora, como chantado no medio do mar, a silueta gris do acorazado inglés "Hood", como si fora un espantallo que protexera o porto de Barcelona dos oscuros paxaros da morte que viñan de Mallorca por enriba do mar. Nos fis de semán quedábamnos alí polo día, sempre matinando en Galicia, nos seus problemas e no seu futuro.

No vran Castelao veuse ós Estados Unidos, chamado pola comunidade galega de Nova Iorque. Tomou parte, con Bibiano Fernández Ossorio Tafall, nunha serie de aitos de propaganda en varias cidades norteamericanas. Tamén fixo dentón co mesmo propósito, un rápido viaxe a Cuba. Da súa estadia en Cuba, na Habana e en Nova Iorque, naquíl vran, deixou moitos dibuxos de tipos populares, especialmente de pretos da Habana e deiquí.

Cando eu cheguí a Nova Iorque, en abril de 1939, nos xuntábamnos na Sociedade Antifeixista Galega, Castelao, Basilio Álvarez, Marcial Fernández, Ramón Suárez Picallo, Xosé López Rey e outros moitos máis. Basilio estaba xa moi avanzado na súa doencia. O maior pracer que tiña era xogar ó dominó conmigo e con Castelao; e a meirande tristura da súa vida era que lle aforcaran o seis dobre.

Castelao, como os demais, dou crases particulares de español e tratou de vender algúns dos seus dibuxos. Con il e cos presidentes das principais sociedades españolas, o Centro Español ou Sociedade Española e o Centro Antifascista Galego, fumos a ver a don Fernando de los Ríos, pra que se mandara a Basilio Álvarez a

Miami cun pouco diñeiro que quedara na embaixada pra axudar ós repatriados. Con íl se foi Basilio a Florida, donde vivéu gracias a íl algún tempo sin máis preocupacións ca súa enfermidade que o levóu axiña á morte.

Castelao e eu vivíamos no mesmo barrio, no oeste da cibdade, íl na rúa 85 e eu na rúa 84. Nos víamos casi tódolos días. Paseábamos por Broadway, voltando a falar como en San Cugat, dos problemas da nosa terra de cara ó futuro. No vran de 1940 foise a Bos Aires, chamado polos galegos, polas sociedades galegas e polos particulares, daquela cibdade. Antes de marchar xa tiña eiquí falado con un grupo de galegos pra fundar o que hoxe é a Unidad Galega da Casa de Galicia, que se organizóu pouco despoís da súa saída.

Voltóu Castelao por Nova Iorque en 1945, despoís da reunión das Cortes republicás no eisilio en México, camiño de Francia pra asistir a unha reunión do novo Goberno republicán no eisilio, que presidía Xosé Giral. Como non asistín á reunión de Cortes de México non tiveron ocasión de velo até que pasóu por Nova Iorque. A súa meirande ledicia foi ver que eistía eiquí unha Casa de Galicia con vida e aitividade. A Sociedade nomeóuno socio de honor, o primeiro que se nomeaba nela. Todos o vimos marchar con fonda pena, e fíxose unha película do seu derra-deiro paso polos Estados Unidos.